Se acudimos ao SEPE, podemos ver a evolución do desemprego dentro deste colectivo. No último ano, o paro rexistrado presenta un ascenso de 317 persoas (un 3,06% máis). Esta subida anual da poboación parada estranxeira contrasta coa baixada da media da comunidade onde o desemprego logra descender nun 8,24%. Sen embargo, a contratación rexistra un balance positivo, sobe en 1.184 contratos (19,70%). O ascenso afecta aos temporais, que aumentan en 1.012 (un 29,50%) e tamén aos indefinidos que medran en 172 contratos (+6,67%).

Segundo a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Galicia pechou novembro do ano 2024 (aínda non saíron os datos de decembro) co maior número de afiliación de estranxeiros. Hai 67.923 afiliacións, 8.665 máis que hai un ano, o que representa un crecemento porcentual do 14,62%.

No conxunto de Estado, o incremento anual de afiliación deste colectivo representou un 7,85%.

Isto supón, que o incremento de afiliación de estranxeiros en Galicia, superou en case 7 puntos o rexistrado no conxunto do Estado.

O incremento afectou tanto ao Réxime Xeral (17,89%), como o de Autónomos (9,66%) e ao do mar (4,46%)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/01/2025 10:07:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 10:07:06
Nº Rexistro: 19005
Data envío: 31/01/2025 10:07:06.132

CSV: BG9BQSP6E1WIKZ9EY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 15174**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"a situación actual do emprego xuvenil en Galicia e as medidas que pensa levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar neste ámbito os datos do desemprego, da fenda salarial entre menores e maiores de 35 anos e da terciarización"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Neste ano 2025, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración está a traballar no deseño e definición da Estratexia Mocidade Activa destinada á mocidade que, no eido das políticas activas de emprego, atenderá ao papel protagonista que ten a poboación moza cara a súa interacción co mercado laboral, de cara a potenciar os esforzos no impulso da súa participación nas súas distintas perspectivas que o compoñen.

Dita estratexia conta con dous obxectivos primordiais:

- Levar a cabo medidas dirixidas a optimizar, impulsar e ampliar os esforzos realizados desde a Xunta de Galicia no ámbito da xestión das políticas con incidencia na empregabilidade e no emprego da mocidade en Galicia; para potenciar o xurdimento, desenvolvemento e atracción de novo talento; impulsar a produtividade empresarial, posibilitar a remuda xeracional e crear nova riqueza a través do seu emprego, autoemprego e emprendemento de calidade, optimizando os investimentos realizados polas persoas mozas e as súas familias na adquisición da súa cualificación.
- Consolidar en Galicia as condicións que permitan ás persoas mozas construír nela os seus proxectos de vida e de futuro profesional e persoal posibilitando a remuda xeracional no mercado laboral, creando novas iniciativas emprendedoras, apoiando o desenvolvemento económico con base en actividades de valor engadido e impulsando a competitividade das empresas e do mercado laboral galego, grazas ao novo talento e cualificación das novas xeracións.

En canto á avaliación das medidas implantadas nos últimos anos dirixidas especificamente á poboación moza, é claramente favorable, pois as necesidades do contexto actual esixe apostar polo colectivo de persoas mozas, impulsando todo o tecido produtivo como base para xerar emprego e conseguir a ocupación das persoas mozas desempregadas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Entre os diversos programas, cabe sinalar os seguintes:

- **Programa Investigo (2022, 2023 e 2024)**, cun orzamento total de 27,1 millóns de euros e 893 mozos e mozas contratados.
- **Programa Primeira Experiencia Profesional na Administración Pública (2022)**, cun orzamento de 10,9 millóns de euros e 368 mozos e mozas contratados.
- **Programa práctica profesional para a mocidade (2022, 2023 e 2024)**, cun orzamento total de 23,6 millóns de euros e 1.350 mozos e mozas contratados.
- **Programa operativo de emprego xuvenil: contratación de persoas mozas en organismos intermedios (2023)**, cun orzamento de 375.000 euros e 37 mozos e mozas contratados.
- **Programa operativo de emprego xuvenil: contratación de persoas mozas en empresas (2023)**, cun orzamento de 3,4 millóns de euros e 436 mozos e mozas contratados.
- **Programa Galicia Emprega (2020, 2021, 2022, 2023 e 2024)**, cun orzamento total de 12 millóns de euros e 2.238 mozos e mozas contratados.

As persoas mozas son consideradas un colectivo prioritario, con acceso preferente, beneficiándose tamén, en maior medida, doutros programas de emprego:

- **Programa de promoción do emprego autónomo.**
- **Programas de cooperación.**

PARO (EPA TIII 2024)

Segundo os últimos datos da EPA (3º trimestre de 2024), o número de parados menores de 25 anos descende trimestralmente en 700 persoas (un 3,93% menos) e, interanualmente, cae en 300 persoas (-1,72%).

Con este resultado, Galicia convértese na 3ª comunidade autónoma con menor porcentaxe de parados no tramo de 16 a 24 anos. Concretamente, concentra o 15,2% do total de parados EPA fronte a un 19,01% que reflicte a media nacional.

Esta mellor posición relativa xustifica o feito de que, en Galicia, a taxa de paro dos menores de 25 anos resulta inferior en 3,14 puntos á taxa estatal.

(Galicia: 23,74% / España: 26,89%).

Se ampliamos o tramo de análise ata os menores de 30 anos, observamos que a cifra de parados deste colectivo descendeu, trimestralmente, nun 4,49% e, anualmente, nun 0,93% (no conxunto estatal, en cambio, aumenta).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Con este descenso, a taxa de paro nos menores de 30 aos queda nun 18,9%, 2 puntos inferior á estatal (20,8%).

OCUPACIÓN (EPA TIII 2024)

O último trimestre da EPA amosa a creación de emprego no grupo de traballadores menores de 25 anos. O número de ocupados desta franxa de idade sobe no último trimestre en 7.300 persoas (un 15,3% máis).

Na variación anual, os datos tamén son positivos, xa que este colectivo rexistra un incremento de traballadores de 2.300 persoas (4,36%). Con este resultado, a cifra de traballadores menores de 25 anos acada un total de 55.000 persoas.

O número de ocupados menores de 30 anos aumenta no último ano en 1.600 persoas (+1,18%). Tamén se incrementa na variación trimestral, medra en 9.800 persoas (7,71%) con respecto ao 2º trimestre do 2024. Deste xeito, a cifra de ocupados ascende a 136.900 persoas, o 11,81% do total de ocupados EPA.

O ascenso da ocupación propiciou que tamén subira a taxa de ocupación dos menores de 30 anos, que se sitúa no 41,1%, é dicir, 2,6 puntos superior á do trimestre pasado.

Por outra banda, ademais de crearse emprego no último ano, a creación supuxo unha mellora na calidade do emprego xerado. O incremento dos asalariados correspondeu, fundamentalmente, ao emprego indefinido. Os asalariados indefinidos aumentaron en 2.400 persoas (+3,29%), mentres que os temporais fixérono en 300 (+0,57%).

Ademais, todo o emprego xerado no último ano foi a tempo completo. Os mozos con xornadas a tempo completo incrementáronse en 7.300 (+7,21%), mentres que as persoas con xornada a tempo parcial, caeron en 5.600 (-16,47%).

ACTIVIDADE (EPA TIII 2024)

Polo que respecta a actividade, a cifra de activos aumentou no último trimestre en 6.700 persoas (un 10,23% máis). Pola súa parte, na variación anual tamén se rexistra un incremento da actividade, en concreto de 2.000 mozos e mozas (2,85%). O número de activos menores de 25 situouse en 72.200 persoas.

Na evolución trimestral deste 3º trimestre do ano, Galicia conseguiu incrementar o número de activos menores de 30 anos en 8.200 novos activos, un 5,11% máis. Interanualmente, os activos mozos rexistran un aumento de 1.300 persoas (0,78%).

Con esta evolución positiva, Galicia acada 168.800 activos menores de 30 anos.

En resumo, na evolución anual do 3º trimestre do ano, respecto aos mozos e mozas, Galicia amosa un incremento da poboación activa, acompañado dun aumento da ocupación e dun descenso do paro.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





ESTRATEGIA MOCIDADE ACTIVA

A Xunta de Galicia porá en marcha a Estrategia Mocidade Activa cun orzamento de 20 millóns de euros, soamente por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Dita estratexia englobaría todas as políticas de emprego dirixidas á xuventude. Brindámoslle todo o apoio que precisan para captar e reter o seu talento. Así, lembremos que, ata o de agora, a Xunta tiña xa en 2024, as seguintes iniciativas en marcha co gallo de potenciar o emprego entre as persoas mozas:

- Destinamos 4,2 millóns de euros ao **programa primeira experiencia profesional das persoas mozas**, para impulsar a contratación de menores de 30 anos nas empresas. Rexistráronse un total de 673 solicitudes, das cales, 289 foron concedidas.
- Financiamos a través do **programa Investigo** máis de 150 contratos de menores de 30 anos investigadores e tecnólogos, persoal técnico e outros profesionais en I+D+i, ademais de apoiar o emprendemento nas universidades galegas. O crédito desta orde está case esgotado e a relación de beneficiarios é dun total de 60 empresas, cun total de 152 persoas traballadoras.
- No seo do **programa Galicia Emprega**, contamos cunha liña específica para persoas mozas cun orzamento de 3 millóns de euros. Trátase dunha orde de axudas para favorecer a contratación de persoas desempregadas que teñen maiores dificultades de inserción laboral (entre elas, as persoas mozas menores de 30 anos). Houbo ata 1.329 solicitudes presentadas na categoría de persoas mozas (417 concedidas provisionalmente).

Neste contexto, cómpre facer alusión á boa execución do **Programa Operativo de Emprego Xuvenil (2014-2020)**, cuxos resultados amósanse na práctica a través dos programas de axudas específicos para a mocidade, como é o caso dos programas de Garantía Xuvenil (cofinanciados con Fondos Europeos), que estiveron vixentes ata o 2019, inclusive, beneficiando a entidades sen ánimo de lucro. Neste respecto, cómpre sinalar que, o pasado mes de novembro, saíu publicada a orde *completa* do Galicia Emprega no DOG, asociada a un montante de preto de 20 millóns de euros.

- **Programa de apoio ao emprendemento a través do talento novo** para favorecer a conexión entre mozos universitarios que están desenvolvendo os seus traballos de fin de grao/máster con empresas ou persoas emprendedoras usuarias da Rede de Polos, a través dunha plataforma informática que permite conectar as necesidades de ámbalas dúas partes.

Tamén contamos en activo cun **programa de actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento na comunidade universitaria en colaboración coas tres universidades galegas**. Así, establecemos a contorna de referencia que facilite

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





unha acción coordinada coa finalidade de fomentar a cultura emprendedora dentro deste ámbito (destacan os premios ao emprendemento universitario, feiras de emprendemento e apoio ao emprego a escala, etc.).

Ademais, complementando esta información, cómpre sinalar os *Premios Cooperativismo no Ensino*, en particular, a modalidade "Proxecto empresarial cooperativo", cuxa filosofía se centra no emprendemento na economía social e a mentorización neste ámbito. Adicionalmente, calquera persoa moza emprendedora pode acudir a asesorarse á **Rede Eusumo** para constituír unha entidade de economía social, favorecendo a actividade por conta propia da xuventude galega e impulsando este eido fundamental.

Entre as axudas ao traballo autónomo atópanse **axudas específicas para o inicio da actividade; isto é, axudas ás que poden optar as persoas que queiran emprender unha actividade ou traballar por conta propia, co foco posto naquelas persoas menores de 30 anos. Destacamos as seguintes:**

- (1) **Implantación da cota cero** –enmarcada na citada Axenda Impulso Autónomo Horizonte 2027–, cuxo orzamento, preto de 10 millóns de euros, subvenciona o 100% das cotizacións durante o primeiro ano de actividade, para tratar de mitigar os efectos do novo sistema de cotización para as persoas traballadoras por conta propia ou autónomos.
- (2) **Programa de Promoción ao Emprego Autónomo** para dar apoio ao inicio da actividade económica ou profesional de persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial en Galicia como traballadoras autónomas, cun orzamento de máis de 19 millóns de euros. Foi solicitada por máis de 6.000 persoas. No pasado ano 2024, houbo 6.491 solicitudes, das cales, 5.258 foron concedidas.

Adicionalmente, cómpre facer fincapé no traballo realizado simplificación e axilización destas axudas a autónomos, afondando no carácter facilitador da Administración.

- (3) **Apoio da Rede de Polos de Emprendemento**, que conta con 15 centros activos espallados pola xeografía galega e leva atendido 3.112 proxectos desde a súa posta en marcha hai escasos dous anos. En adición, ten prestado máis de 8.521 titorías e centos de accións entre formacións e eventos propios e externos.

Cómpre destacar, ademais, a posta en marcha do **Centro de Orientación ao Emprendemento**, que servirá para ligar as Oficinas de Emprego cos Polos de Emprendemento, permitíndonos exercer unha actuación baseada no estudo previo de mercado, de cara tamén á configuración dunha *Estratexia galega de emprendemento*, cun impulso coordinado con todos os axentes vinculados. Galicia é unha terra de emprendedores e temos que fornecer o ecosistema de entidades que asesoren a aqueles que queren desenvolver o seu negocio no noso territorio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Nesta parte, cobra relevancia o feito de que, recentemente, Galicia percíbise o premio **Rexión Emprendedora Europea 2025** (REE-25) por parte do Comité Europeo das Rexións e da Dirección Xeral de Mercado Interior, Industria, Emprendemento e Pemes da Comisión Europea. Un galardón que recoñece a aposta da Xunta por desenvolver o potencial das nosas catro provincias a través de actividades empresariais que contribúan a fixar poboación.

Co gallo deste galardón, puxemos en marcha un ambicioso programa xunto coas confederacións provinciais, chamado *Ultreia*, co que seguimos apostando conxuntamente polas empresas emerxentes e por dar solucións nos nosos sectores estratéxicos, ao tempo que damos forma ao plan de acción de Galicia como REE-25. Nestas xornadas participaron un total de 240 axentes do ecosistema emprendedor, máis de 160 empresas emerxentes, 40 empresas tractoras e con 16 casos de éxito, perseguindo xerar riqueza e emprego, dinamizar e vertebrar o territorio.

- (4) **Bono Remuda** cun investimento de 1,5 millóns de euros para todas aquelas persoas interesadas en rescatar un negocio que cesa a súa actividade por xubilación ou falecemento (entre outras causas), favorecendo a súa continuidade e preservando o noso tecido produtivo.

Neste eido, cómpre facer alusión ao **programa de actividades, en colaboración coa Asociación de Xoves Empresarios (AJE), para o fomento do emprendemento e traspaso de negocios**. Trátase dunha serie de actuacións encamiñadas a facilitar o relevo xeracional á fronte dos negocios que vertebran o noso territorio, sobre todo de cara ao rural”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/01/2025 10:11:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 10:11:04
Nº Rexistro: 19008
Data envío: 31/01/2025 10:11:04.571

CSV: BG9BQ5F8B1TW6S7AJEY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7184**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros deputados e deputadas, sobre **"o tempo que o Goberno galego leva sabendo das intencións da empresa Altri de instalarse en Galicia e da natureza do seu proxecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Nº de rexistro: 7184

Grupo Parlamentario: Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Síntese da iniciativa: Sobre o tempo que o Goberno galego leva sabendo das intencións da empresa Altri de instalarse en Galicia e da natureza do seu proxecto

Resposta

En primeiro lugar, á vista da exposición de motivos da pregunta formulada, cómpre lembrar que, de acordo co artigo 9 do Estatuto de Autonomía, os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse a través do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente. Ademais, segundo o artigo 16, a Xunta é o órgano colexiado de Goberno de Galicia, composto polo Presidente, Vicepresidente ou Vicepresidentes, no seu caso, e os Conselleiros. O Presidente que, de acordo co artigo 15, dirixe e coordina a acción da Xunta e ostenta a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia, e é elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros e será nomeado polo Rey. Finalmente, o artigo 11 da mesma norma establece que o Parlamento estará constituído por Deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.

Por outra parte, de acordo co artigo 1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente, a Xunta é o órgano colexiado que, baixo a dirección do seu Presidente, dirixe a política xeral e a Administración da Comunidade Autónoma. A tal fin, exerce a iniciativa lexislativa, a función executiva e a potestade regulamentaria de conformidade co Estatuto de Autonomía e as Leis. Ademais, o artigo 36.2 da mesma lei establece que a actuación da Administración se axusta, entre outros, aos principios de legalidade, obxectividade e servizo ao interese xeral.

En consecuencia, a Xunta de Galicia, cuxa composición provén da elección realizada en liberdade por parte de todas as persoas galegas con dereito a voto, exerce as súas funcións buscando o interese xeral, con total



obxectividade e máximo respecto á normativa vixente; a mención á “Xunta do PP” trata de confundir os conceptos e vai contra a separación de poderes existente neste país.

En relación ao proxecto obxecto da pregunta, cómpre salientar que a Xunta de Galicia non está a promover tal proxecto, e o seu papel límitase a levar a cabo a tramitación, no ámbito das súas competencias, á que ten dereito o promotor do proxecto, de acordo coa normativa vixente.

A declaración do 29/12/2022 por parte do Consello da Xunta de Galicia do proxecto Gama de implantación dunha fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa, en Palas de Rei (Lugo), como proxecto industrial estratéxico, ao abeiro do establecido no Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, responde ao estrito cumprimento dos requisitos da normativa vixente, tal e como ese Grupo Parlamentario terá podido comprobar se examinou a documentación remitida pola Xunta de Galicia o 23/04/2024 en resposta á información solicitada ao abeiro do establecido no artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia (número de rexistro 514).

Finalmente, en canto á natureza do proxecto, desde o primeiro momento, sempre se fixeron públicas as características principais do proxecto e nunca se ocultou que se utilizaría a polpa do eucalipto, cuestión que se pode comprobar en múltiples comunicacións realizadas tanto por parte do promotor do proxecto, como por parte de representantes da Xunta de Galicia, e que quedaron reflectidas tanto en medios de comunicación como nas actas das Comisións e Plenos do Parlamento de Galicia.

Como exemplos, pódense atopar novas como a publicada en El Progreso o 11/11/2022 (previa á declaración como proxecto industrial estratéxico): [La biofábrica de fibra textil de Altri tendrá una vida útil de hasta 70 años en Palas de Rei \(elprogreso.es\)](#), na que se indica “La idea es que de Palas salgan 200.000 toneladas de pulpa que se “integrará gradualmente con la



producción" de Lyocell "sostenible""; comparecencias de representantes da Xunta de Galicia, como a que tivo lugar na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, en resposta [á pregunta 57144 do Grupo Parlamentario Popular](#), na que se indicou literalmente "(...) A fábrica contará cunha capacidade final de produción de 400.000 toneladas de celulosa soluble e 200.000 toneladas de Lyocell (...)" (nesta Comisión estaban presentes, entre outros, parlamentarios/as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia), ou comunicacións aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia (por exemplo, na documentación remitida ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o pasado 22/08/2023, en resposta a unha petición de información, indicándose (extracto):

XESTIÓN SUSTENTABLE DOS BOSQUES GALEGOS (ALTRI)

Compoñente 12	Xestión sustentable dos bosques galegos	ALTRI
a) Descrición da proposta		
Construción dunha planta integrada cuxas capacidades finais de produción son 400 kt/ano de pulpa e 200 kt/ano de fibra sostible (i.e. Lyocell), a partir de madeira e outros residuos celulósicos.		
b) Evidencia, análise e datos que motiven a necesidade da proposta		
~800M€ investimento ~2.500 postos de traballo directos e indirectos - Posicionamento pioneiro de Galicia coa única planta integrada de pulpa e fibra en Europa. - O proxecto dá resposta a un crecente atractivo do mercado de fibras celulósicas sustentables no mundo, que no caso do Lyocell se espera que sexa entre un 15 e un 25 por cento anualmente nos próximos 5 a 10 anos. Ademais, actúa como catalizador para a evolución da economía galega cara a sustentabilidade e a bioeconomía ao introducir tecnoloxía que permitirá o reciclado a gran escala de residuo téxtil por incluíla como materia prima.		



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/01/2025 9:45:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 09:45:22
Nº Rexistro: 18971
Data envío: 31/01/2025 09:45:22.186

CSV: BG9BQ5788Mx873JEY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 15:10:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19181
Data envío: 03/02/2025 15:10:48,104

CSV: BGRBQ\$R8g1WUkgUEy-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7965**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación co inicio das obras do porto mixto de Corcubión"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"En setembro de 2023 Portos de Galicia inicia a tramitación ambiental do proxecto dun novo porto mixto para Corcubión, solicitando á DX de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia a tramitación ambiental simplificada do proxecto, a fin de axilizar o prazo de tramitación dos traballos. En outubro de 2023 Calidade Ambiental inicia o período de consultas que establece a Lei .

En marzo de 2024 a DX de Calidade Ambiental resposta á solicitude de avaliación ambiental simplificada, a través de resolución no DOG, informando de que non é posible a tramitación ambiental simplificada polos "posibles efectos adversos sobre o medio ambiente" polo que o proxecto debe someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Atopámonos por tanto en fase de tramitación ambiental ordinaria do proxecto. Este trámite consta dos seguintes pasos:

Elaboración do estudio de impacto ambiental, no que está a traballar a día de hoxe Portos de Galicia.

Unha vez redactado este EIA deberá someterse a información pública e consultas ás Administracións Públicas afectadas

Unha vez superado o trámite de exposición pública, realizarase a análise técnica do expediente polo órgano ambiental (Consellería de Medio Ambiente).

A continuación formularase a declaración de impacto ambiental por parte da mesma Consellería.

E finalmente integrarase o contido da declaración de impacto ambiental na autorización do proxecto.

Deste xeito quedaría superado o trámite de avaliación ambiental ordinaria correspondente á Xunta de Galicia. Non obstante, a continuación o proxecto requirirá da súa aprobación por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica un trámite preceptivo E vinculate tanto para as tramitacións ordinarias como simplificadas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Estamos por tanto ante unha tramitación ambiental absolutamente escrupulosa coas garantías ambientais e o rigor técnico e administrativo.

Este factor, sumado ao feito de que con posterioridade será o Ministerio o que terá que emitir a súa aprobación tras avaliar o proxecto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 15:12:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19185
Data envío: 03/02/2025 15:12:44.417

CSV: BG9BQ5RE1K0K73UEJ-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







Dende o Goberno galego seguimos a demandar ao Goberno central que incremente os fondos anunciados para el Perte Mar-Industria e axilice a súa tramitación para que o sector poda acometer novos investimentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 15:12:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19183
Data envío: 03/02/2025 15:12:29.495

CSV: BGRBQ\$B2yLbDkA9EY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8080**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Alexandra Fernández Gómez e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"o contido e o estado de elaboración da nova proposta de ampliación da Rede Natura 2000 para a redacción do Marco de acción prioritaria 2021-2027"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 29 de xaneiro de 2025 pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, en resposta á interpelación 2130.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 29 de xaneiro de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NzIzMDIiNTMtOTMOMC00NzQ1LWI5OWItMjE0YWQ2ZmYxM2Ni&start=10326](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzIzMDIiNTMtOTMOMC00NzQ1LWI5OWItMjE0YWQ2ZmYxM2Ni&start=10326)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 15:13:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19187
Data envío: 03/02/2025 15:13:53,886

CSV: BGJRBG-Sp8&tbwUK7UJEY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8195**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, don Xosé Manuel Golpe Acuña e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto do novo plan industrial proposto pola dirección de Navantia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A industria naval é, sen lugar a dúbidas, un sector estratéxico para Galicia, pola súa historia, impacto económico e relevancia internacional. Este sector representou, en 2022, o 3,5% do PIB de Galicia, xerando un total de 2.447 millóns de euros e estimando un total de 14.000 empregos directos, ao que hai que sumar varios miles máis de postos de traballo vinculados á cadea de valor e loxística na que se apoia. Ademais, Galicia é líder en construción de buques e conta cunha forte presenza no mercado internacional. Estes datos reflicten a súa relevancia e o prestixio internacional que posúe.

Neste contexto, a Xunta de Galicia mantén como prioridade apoiar a actividade dos estaleiros galegos, a súa industria auxiliar e os seus traballadores. A colaboración co sector naval e, particularmente, con Navantia, está enfocada a reforzar a competitividade, impulsar a innovación e garantir o futuro industrial da ría de Ferrol. Isto inclúe a aposta por infraestruturas clave, a atracción de novos investimentos e a captación de carga de traballo para asegurar a actividade produtiva.

A Administración autonómica segue facendo un chamamento á colaboración institucional, destacando a importancia de que os compromisos do Goberno central en materia de carga de traballo se concreten en proxectos sólidos.

Ademais, a Xunta está a desenvolver un plan director para o sector naval, en coordinación cos representantes das persoas traballadoras e os principais axentes do sector. Este documento incluírá medidas orientadas a fortalecer a competitividade, fomentar a internacionalización, avanzar cara á sustentabilidade, impulsar a innovación industrial e incrementar o emprego no sector.

A vontade da Xunta é continuar intensificando os apoios ás empresas do naval alí onde máis o necesitan, especialmente para a captación de fondos europeos, para impulsar a diversificación, a apertura a novos mercados, e abrindo novas liñas de financiamento para que as empresas do sector poidan seguir crescendo e facelo en Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Este esforzo busca consolidar a industria naval como un motor fundamental da economía galega e garantir o seu futuro nun escenario global cada vez máis competitivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 15:13:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19186
Data envío: 03/02/2025 15:13:29.246

CSV: BGJRBQ-SX03eKwKwVLE-yj-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8257**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para velar polo acceso das empresas do sector mar-industria ás axudas para o fortalecemento industrial na transformación de produtos da pesca e da acuicultura"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"En xaneiro de 2024, moito tempo despois da posta en marcha dos fondos europeos, o Goberno central anunciaba o Perte Mar-Industria; cun orzamento de 50M€, dos que 40 M€ estarían reservados para subvencións, con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e os 10 M€ restantes para préstamos dirixidos ás empresas do sector.

En abril de 2024 o Goberno central recibía a autorización da Comisión Europea para a súa posta en marcha, ao confirmar a súa compatibilidade co mercado interior.

As cantidades son manifestamente insuficientes, fronte aos 400 M€ que demanda o sector; e máis si os comparamos cos 1.000 M€ que se dedican ao Perte Agroalimentario.

O Goberno central non parece ter en conta a relevancia económica que representa o conxunto da cadea mar-industria, que só en Galicia conta cunha facturación de 9.000M€ anuais e emprega a 50.000 persoas.

Un sector que ademais desenvolve un marcado carácter exportador xa que só en 2023 roldou a cifra récord de 2.800M€.

En setembro de 2024 publicouse a Orden de 30 de agosto de 2024 del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación por la que se convocan, para el ejercicio 2024, las ayudas destinadas a actuaciones de fortalecimiento industrial en la transformación de productos de la pesca y acuicultura dentro del proyecto estratégico para la recuperación y transformación económica del sector agroalimentario, por un total de 20 M€.

O Goberno central deixou a porta aberta a incrementar este crédito de acordo coas disponibilidades orzamentarias ata un máximo de 40M€.

Para que un proxecto sexa elixible debe contar cun importe de actuacións financiáveis superior a 1,5M€, sen que exista orzamento máximo. A intensidade máxima da axuda será do 50% dos gastos elixibles e o importe máximo total por proxecto non superará os 5 M€. O importe total da concesión de axuda por empresa e por ano (2024-2026) non superará os 2,5M€.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Dende o Goberno galego seguimos a demandar ao Goberno central que incremente os fondos anunciados para el Perte Mar-Industria e axilice a súa tramitación para que o sector poda acometer novos investimentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 15:14:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19188
Data envío: 03/02/2025 15:14:42,340

CSV: BGRBO-S2agwVnUK7BEY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8263**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a contía do financiamento das bolsas de formación especializada no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) que promove a Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"No Consello da Xunta celebrado o 21.12.2023 autorizouse o compromiso de gasto plurianual para a convocatoria de catro bolsas de formación dirixidas a técnicas e técnicos de ciclos formativos de grao superior co obxectivo de que puidesen completar a súa formación como persoal auxiliar de investigación mariña. Para a financiación destas estadias, a Consellería do Mar destinou algo máis de 94.000 €, repartidos nas anualidades 2024, 2025 e 2026, co fin de fomentar a investigación e especialización en materia acuícola.

Estas bolsas de especialización por medio da realización de prácticas impartiranse no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Consellería do Mar, coa previsión de que tres dos beneficiarios fosen ao Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo e o cuarto ao de Corón, en Vilanova de Arousa.

Puideron optar a estas bolsas todo o alumnado titulado como técnica ou técnico superior en Acuicultura, cun nivel de formación de profesional de grado superior na familia profesional marítimo-pesqueira), cunha duración de dous anos cada unha (entre os anos 2024 e 2026).

O importe de cada bolsa incluíu unha asignación mensual bruta de 900 € e a alta no réxime xeral da Seguridade Social.

Esta foi a octava convocatoria. Nas sete anteriores foron beneficiarias destas bolsas un total de 56 persoas, cunha ampla presenza de mulleres, que chegaron a representar case o 90% das prazas nalgunha delas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)
Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/01/2025 9:47:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 09:47:05
Nº Rexistro: 18975
Data envío: 31/01/2025 09:47:05.171

CSV: BG9BQ5Bgi1YU8&UEY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8264**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o desenvolvemento de proxectos dentro das convocatorias de axudas da Xunta de Galicia para accións de recollida de residuos mariños"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"No Consello da Xunta celebrado o 22.02.2024 deuse conta do informe de execución dos proxectos para a protección e recuperación da biodiversidade dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos.

O sector marítimo-pesqueiro galego recolleu entre os anos 2020 e 2023 preto de 425 Ton de lixo das costas galegas ao abeiro de 36 proxectos colectivos desenvolvidos no marco das convocatorias de axudas da Consellería do Mar para accións de protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos. Estas accións involucraron arredor de 1.200 persoas e 145 embarcacións de confrarías e pescadores repartidas por toda Galicia e supuxeron un investimento público de máis de 1,6 M€.

Data asento: 31/01/2025 11:31:41
Nº Rexistro: 19035
Data envío: 31/01/2025 11:31:41.852

CSV: BG9BQ56GxWYKZUEj-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7998**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Óscar Insua Lema e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a situación en que está a tramitación do proxecto do porto mixto de Corcubión e as previsións orzamentarias da Xunta de Galicia para o comezo das obras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"En setembro de 2023 Portos de Galicia inicia a tramitación ambiental do proxecto dun novo porto mixto para Corcubión, solicitando á DX de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia a tramitación ambiental simplificada do proxecto, a fin de axilizar o prazo de tramitación dos traballos. En outubro de 2023 Calidade Ambiental inicia o período de consultas que establece a Lei .

En marzo de 2024 a DX de Calidade Ambiental resposta á solicitude de avaliación ambiental simplificada, a través de resolución no DOG, informando de que non é posible a tramitación ambiental simplificada polos "posibles efectos adversos sobre o medio ambiente" polo que o proxecto debe someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Atopámonos por tanto en fase de tramitación ambiental ordinaria do proxecto. Este trámite consta dos seguintes pasos:

Elaboración do estudo de impacto ambiental, no que está a traballar a día de hoxe Portos de Galicia.

Unha vez redactado este EIA deberá someterse a información pública e consultas ás Administracións Públicas afectadas

Unha vez superado o trámite de exposición pública, realizarase a análise técnica do expediente polo órgano ambiental (Consellería de Medio Ambiente).

A continuación formularase a declaración de impacto ambiental por parte da mesma Consellería.

E finalmente integrarase o contido da declaración de impacto ambiental na autorización do proxecto.

Deste xeito quedaría superado o trámite de avaliación ambiental ordinaria correspondente á Xunta de Galicia. Non obstante, a continuación o proxecto requirirá da súa aprobación por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica un trámite preceptivo E vinculate tanto para as tramitacións ordinarias como simplificadas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Estamos por tanto ante unha tramitación ambiental absolutamente escrupulosa coas garantías ambientais e o rigor técnico e administrativo.

Este factor, sumado ao feito de que con posterioridade será o Ministerio o que terá que emitir a súa aprobación tras avaliar o proxecto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/01/2025 11:33:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 11:33:35
Nº Rexistro: 19036
Data envío: 31/01/2025 11:33:35,650

CSV: BG9BQ5B6hZv9X8UEj-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 8006**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"a situación da ribeira do porto de Mugardos canto ao traballo de limpeza e ao bo mantemento da zona"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia non ten constancia de que exista situación de abandono do porto de Mugardos nin recibiu ningunha queixa de usuarios a este respecto.

O mantemento da pasarela do bordo marítimo corresponde ao Concello de Mugardos, co que Portos de Galicia mantén unha excelente relación de colaboración institucional. De feito, por petición do goberno local o ente público ven de retirar varias embarcacións que se atopaban en situación de abandono".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/01/2025 9:45:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 09:45:15
Nº Rexistro: 18970
Data envío: 31/01/2025 09:45:15.171

CSV: BGPRBQ\$GKUPV1Dk&7&JEY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 8008**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, don Xosé Manuel Golpe Acuña e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a situación biolóxica da ría de Cedeira e o traballo que exerce a Xunta de Galicia na súa recuperación e protección"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"As Reservas Mariñas de interese pesqueiro poderíamos definilas como áreas mariñas nas que se aplican sistemas de xestión e ordenación pesqueira baseados nun modelo de explotación sostible, de xeito que se garanta a pesca e a preservación dos recursos e dos hábitats, harmonizando os intereses dos diversos usuarios. Estas figuras de protección e xestión quedan sometidas a un réxime específico de usos permitidos e condicións de acceso.

En Galicia, as propostas de áreas de reservas mariñas xurden das comunidades pesqueiras locais dispostas a asumir a súa responsabilidade na preservación dos recursos da súa zona de traballo e participando directamente no seu deseño, xestión e control aportando os seus coñecementos tradicionais do espazo mariño onde faenan.

Actualmente, na costa de Galicia, existen dúas Reservas Mariñas de Interese Pesqueiro, que estarían encadradas na categoría VI da clasificación da UICN: "área Protexida con Recursos Manexados":

A Reserva de "Os Miñarzos" na Costa de Lira (Costa da Morte), creada polo Decreto 87/2007 do 12 de abril.

A Reserva da "Ría de Cedeira", creada polo Decreto 28/2009 do 29 de xaneiro.

A documentación dispoñible nesta páxina é:

<https://www.pescadegalicia.gal/gl/reservas-marinas>

ADEMÁIS NO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DO 29 DE ABRIL DE 2024, APROBOUSE O ACORDO DA CONSELLERÍA DO MAR POLO QUE SE TOMA RAZÓN DA APROBACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DAS RESERVAS MARIÑAS DE INTERESE PESQUEIRO OS MIÑARZOS E RÍA DE CEDEIRA.

A referencia a este Consello:

<https://www.xunta.gal/documents/35297/42988/290424+REFERENCIA-.pdf?version=1.0>

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 11:34:05
Nº Rexistro: 19038
Data envío: 31/01/2025 11:34:05.509

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0R0G\$W@Q1W1ZUEV-4
Verificación: CVE-PPREPAR: 97d63783-50b1-f9e0-1368-e1ba927af197
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/01/2025 11:34:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 11:34:05
Nº Rexistro: 19038
Data envío: 31/01/2025 11:34:05.509

CSV: BGRBQ\$W@Q1WUWZLJEY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 8009**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da decisión de reparar as instalacións do porto de Santa Cruz, en Oleiros, e os seus contactos coa corporación local e co Goberno central para levar adiante as obras, así como sobre o estudo da posibilidade da súa cesión ao Concello de Oleiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta ven de realizar avances significativos no procedemento de reversión á Administración Xeral do Estado de terreos declarados innecesarios para a actividade portuaria, entre eles o porto de Santa Cruz, en Oleiros. O pasado 26 de novembro, o conselleiro do Mar mantivo unha reunión de traballo co presidente da Fegamp na que se validaron os criterios técnicos para as desafectacións así como o procedemento a seguir. Tal como se refrendou nesta reunión o procedemento realizarase por fases (tramitando sucesivamente as reversións de lotes de portos e non todos á vez) para maior axilidade administrativa, dada a complexidade do procedemento global. O concello de Oleiros inclúese na primeira fase dado que a delimitación do solo a revertir está xa pechada ao tratarse do conxunto da instalación. Esta proposta xunto coas outras incluídas na primeira fase, serán ratificadas polo Consello Rector de Portos de Galicia nos primeiros meses do ano.

Non obstante, trátase dun proceso complexo, pola repercusión patrimonial e os trámites e departamentos implicados, tanto da administración autonómica como estatal. De feito, a súa culminación esixe a aprobación do Consello de Ministros.

Pese a que a Xunta non ten interese en manter no sistema portuario autonómico o porto de Santa Cruz xa que non se utiliza como porto senón como zona de baño e de paseo. Aínda así, Portos de Galicia ocúpase do mantemento desta infraestrutura, tanto así que se investiron máis de 100.000 euros en reparacións durante o 2023."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)
Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/01/2025 9:45:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 09:45:07
Nº Rexistro: 18969
Data envío: 31/01/2025 09:45:07,889

CSV: BGRBQ\$BQa1V5KjZUEj-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 8012**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"a situación xerada na praia de Laxe polos efectos da acumulación artificial de area no paseo marítimo e as medidas que adoptou o Goberno galego, así como as que pensa adoptar, para conseguir unha solución a este problema"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"As obras de ampliación do dique de abrigo de Laxe responden a un proxecto elaborado en 1983, doce anos antes da creación de Portos de Galicia.

Durante o período de exposición pública non se rexistraron informes que decretaran medidas especiais de protección dos efectos do dique sobre a praia.

Tampouco en ningún momento desde a Demarcación de Costas do Estado, titular da praia, impuxo medidas correctoras sobre a praia polos posibles efectos derivados da ampliación do dique.

Porén parece evidente que esta actuación derivou nunha afectación á praia de Laxe mudando a súa morfoloxía e provocando o traslado da area cara á zona portuaria e parte do paseo da vila.

Partimos polo tanto de que Portos de Galicia, como titular do porto e polo tanto do dique desde a transferencia de competencias, non ten atribuída ningunha condición de mantemento da praia.

Pese ao anterior por responsabilidade pública e colaboración institucional, desde hai 15 anos o ente público asume a tarefa cíclica de limpeza da area depositada no paseo e zona portuaria, depositándoa no extremo da praia contrario ao porto, para matizar o basculamento de area.

De feito no ano 2024, vense de executar esta actuación nos días 10 e 11 de xuño.

Esta medida comprometeuse logo de diferentes reunións a tres bandas entre Demarcación de Costas do Estado, Concello e Portos de Galicia, xa que se trata dunha problemática que afecta ás 3 administracións.

De feito, cómpre lembrar que xa existiron propostas técnicas para intentar conter a area da praia (como a instalación de barreiras de contención por tramos do areal) e foron inicialmente rexeitadas pola Demarcación de Costas do Estado no seu momento.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Non en van, a día de hoxe existe flora enraizada xa na duna e fauna asociada a ela que pode requirir protección polo que Portos non pode mobilizar a area pola súa conta.

Compre lembrar neste sentido que a praia de Laxe atópase en Zona de Especial Protección Ambiental (ZEPA) e atópase en ámbito de Red Natura polo que as esixencias de protección ambiental nesta contorna son moi elevadas.

Por todo isto, calquera actuación que supoña a intervención na praia de Laxe non pode ser executada por Portos de Galicia de xeito unilateral senón que debe implicar a diferentes administracións con competencias neste ámbito. Entre elas o Goberno central a través das Direccións Xerais de Biodiversidade e Demarcación de Costas do Estado, así como Patrimonio Natural da Xunta de Galicia. Ademais de consensuarse co Concello de Laxe dada a repercusión sobre a veciñanza e os intereses municipais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 15:12:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19184
Data envío: 03/02/2025 15:12:37.214

CSV: BG9BGSP8R1Z0KZUE-yj-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 8246**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o número de proxectos desenvolvidos no marco das convocatorias de axudas da Xunta de Galicia para accións de retirada de residuos mariños e o volume de residuos retirados"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"No Consello da Xunta celebrado o 22.02.2024 deuse conta do informe de execución dos proxectos para a protección e recuperación da biodiversidade dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos.

O sector marítimo-pesqueiro galego recolleu entre os anos 2020 e 2023 preto de 425 Ton de lixo das costas galegas ao abeiro de 36 proxectos colectivos desenvolvidos no marco das convocatorias de axudas da Consellería do Mar para accións de protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos. Estas accións involucraron arredor de 1.200 persoas e 145 embarcacións de confrarías e pescadores repartidas por toda Galicia e supuxeron un investimento público de máis de 1,6 M€.

Dentro das recollidas activas destacan, nun primeiro termo, os preto de 133.000 quilos de vidro e cerámica pois constitúen o 32% do total, seguidos de produtos naturais (como algas, pólas ou paus de madeira, entre outros) con máis de 108.700 quilogramos, o 26%; e case 87.000 quilos de plásticos; seguidos en menor medida de residuos de goma como os pneumáticos (8%), metal (5%), téxtiles varios (3%) e outros materiais variados (5%).

Ademais dentro destas iniciativas desenvolvéronse 169 accións para mellorar a concienciación ambiental, a formación e a colaboración entre os axentes implicados. Entre elas charlas e xornadas formativas, material divulgativo, obradoiros, reportaxes de vídeo e exposicións.

Na súa execución participaron confrarías de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros e outras entidades asociativas do sector en Galicia como as ONG en alianza coas entidades do sector ou conxuntamente cos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP). Destas accións deuse conta hoxe no Consello da Xunta.

Dos 36 proxectos desenvolvidos, 32 consistiron na recollida activa de lixo por mariscadoras e mariscadores e embarcacións -con días de saída específica para retirar residuos de determinadas zonas- e os catro restantes de recollida pasiva, sacando do litoral os refugallos que chegan nos aparellos durante os traballos ordinarios de pesca ou de extracción de recursos marisqueiros.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En total nos últimos tres anos realizáronse 309 limpezaas activas nas que participaron máis de 705 persoas e 30 embarcacións, algunhas delas formando parte de accións desenvolvidas en distintos anos, totalizando case 414 toneladas. Da recollida pasiva formaron parte preto de 470 profesionais do mar e arredor de 115 embarcacións, sumando algo máis de 10,2 toneladas máis á cifra global.

As iniciativas desenvolvidas ao abeiro das axudas da Consellería do Mar son un exemplo do alto grao de implicación do sector na protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños, como demostra tamén o feito de que máis do 60% dos plans de marisqueo xeral para o período 2021-2023 e preto do 70% dos plans de xestión de recursos específicos de 2022-2024 inclúan accións de recollida de lixo mariño nos seus obxectivos ecolóxicos a tres anos.

Ademais a cifra de proxectos aumenta progresivamente, o que demostra o interese e a implicación do sector nestas tarefas. De feito, no marco da primeira convocatoria destes apoios -do ano 2020- executáronse cinco proxectos e na última -a de 2023- executáronse doce, é dicir, máis do dobre.

Todas estas iniciativas enmárcanse no plan MarLimpo da Consellería do Mar, co que se pretende contribuír a acadar un ambiente costeiro e mariño limpo, saudable, produtivo e bioloxicamente diverso e unha redución da cantidade de residuos existentes nas zonas costeiras. A través del tamén se busca que os sectores pesqueiro e marisqueiro integren nas súas operativas boas prácticas que contribúan á protección do medio mariño.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/01/2025 9:46:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 09:46:03
Nº Rexistro: 18973
Data envío: 31/01/2025 09:46:03,749

CSV: BG9BQ5fGw4WUKZaJE9j-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Finalmente, a renovación integral dos pavimentos de pantaláns para a mellora de seguridade nas instalacións portuarias desenvolveuse en 11 portos cun orzamento de 1,2 millóns de euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/01/2025 9:45:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 09:45:55
Nº Rexistro: 18972
Data envío: 31/01/2025 09:45:55,968

CSV: BGRBQSPXG3VjktZUEj-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8256**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia para facilitar o acceso aos PERTE para o sector mar-industria e a valoración que fai respecto da perda de capital galego nas principais empresas do sector, así como da petición en relación coa descentralización dos fondos Next Generation para Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"En xaneiro de 2024, moito tempo despois da posta en marcha dos fondos europeos, o Goberno central anunciaba o Perte Mar-Industria; cun orzamento de 50M€, dos que 40 M€ estarían reservados para subvencións, con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e os 10 M€ restantes para préstamos dirixidos ás empresas do sector.

En abril de 2024 o Goberno central recibía a autorización da Comisión Europea para a súa posta en marcha, ao confirmar a súa compatibilidade co mercado interior.

As cantidades son manifestamente insuficientes, fronte aos 400 M€ que demanda o sector; e máis si os comparamos cos 1.000 M€ que se dedican ao Perte Agroalimentario.

O Goberno central non parece ter en conta a relevancia económica que representa o conxunto da cadea mar-industria, que só en Galicia conta cunha facturación de 9.000M€ anuais e emprega a 50.000 persoas.

Un sector que ademais desenvolve un marcado carácter exportador xa que só en 2023 roldou a cifra récord de 2.800M€.

En setembro de 2024 publicouse a Orden de 30 de agosto de 2024 del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación por la que se convocan, para el ejercicio 2024, las ayudas destinadas a actuaciones de fortalecimiento industrial en la transformación de productos de la pesca y acuicultura dentro del proyecto estratégico para la recuperación y transformación económica del sector agroalimentario, por un total de 20 M€.

O Goberno central deixou a porta aberta a incrementar este crédito de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias ata un máximo de 40M€.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Para que un proxecto sexa elixible debe contar cun importe de actuacións financiáveis superior a 1,5M€, sen que exista orzamento máximo. A intensidade máxima da axuda será do 50% dos gastos elixibles e o importe máximo total por proxecto non superará os 5 M€. O importe total da concesión de axuda por empresa e por ano (2024-2026) non superará os 2,5M€.

Dende o Goberno galego seguimos a demandar ao Goberno central que incremente os fondos anunciados para el Perte Mar-Industria e axilice a súa tramitación para que o sector poda acometer novos investimentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 15:14:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19189
Data envío: 03/02/2025 15:14:48,730

CSV: BGPRBQSP33D1XUkz9EY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10076**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"o alcance das medidas de conservación da biodiversidade que se están a tomar en Galicia e o lugar que ocupa a nosa comunidade canto ao nivel de políticas de conservación e de protección das súas especies ameazada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, débese ter en conta que as categorías e os criterios empregados pola UICN para elaborar a referida Lista Roxa son distintos aos criterios orientadores establecidos na normativa estatal e autonómica para a inclusión de poboacións nos catálogos español e galego de especies ameazadas, de maneira que non é posible establecer unha comparación directa entre a Lista Roxa e os catálogos.

Ademais do anterior, cómpre aclarar, por unha parte, que a inclusión dunha especie, subespecie ou poboación de competencia autonómica no Catálogo español de especies ameazadas, ao que se refire o artigo 58 da *Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade*, conlevará a súa inclusión de oficio no Catálogo galego de especies ameazadas, na mesma categoría ou superior á que tivesen no primeiro.

En canto ás áreas clave para a biodiversidade (KBA) ás que se fai mención na pregunta, indicar que o proxecto de *Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas* ten entre os seus principios incluír os lugares de importancia para a conservación da diversidade biolóxica e a conectividade ecolóxica, co obxectivo de promover o desenvolvemento sostible.

Ademais, débese incidir en que a xestión das especies ameazadas en Galicia non se realiza exclusivamente a través da execución de instrumentos como os plans de recuperación e de conservación. As propostas técnicas e estudos sobre especies incluídas no Catálogo, que precisan de permanente actualización, conteñen información técnica de base que é fundamental no deseño, existindo outras moitas ferramentas de xestión e ordenación do patrimonio natural que veñen recollidas en normas a nivel europeo, estatal e autonómico".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 17:53:40
Nº Rexistro: 19211
Data envío: 03/02/2025 17:53:40,235

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0RBO5P8&\$MVK70EYJ-4
Verificación: CFE-PRÉPAR: 4787e760-e592-8463-5647-02e38493d724
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 17:53:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 17:53:40
Nº Rexistro: 19211
Data envío: 03/02/2025 17:53:40.235

CSV: BGRBQSP&K\$WPK70EY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10078**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o grao de desenvolvemento do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 e a valoración que fai a Xunta de Galicia da necesidade de aprobar a proposición de lei orgánica que se tramita nas Cortes Xerais sobre proxenetismo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"No ano 2022 a Xunta de Galicia aprobou o I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, existindo con anterioridade un protocolo, publicado no ano 2010, sobre adopción de medidas de prevención, investigación, e tratamento das mulleres vítima de trata con fines de explotación sexual.

Durante estes anos de vixencia do plan, a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero, leva traballado principalmente na súa labor de prevención, educación e sensibilización social en materia de violencia sexual e trata con fins de explotación sexual, a través de diferentes iniciativas como a firma de convenios de colaboración coas entidades integrantes da Rede Galega contra a Trata. Tamén a través destas entidades organizando talleres formativos nos centros educativos para previr á mocidade galega das novas formas de captación a través das RRSS e novas tecnoloxías.

En canto á mellora do coñecemento para unha mellor intervención, a Dirección Xeral tamén apostou por desenvolver accións formativas en materia de igualdade e violencia de xénero dirixidas ao persoal empregado público de Galicia, así como formación máis especializada para profesionais da avogacía e da procuradoría para a atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, trata ou explotación sexual.

Para dar cumprimento a outra das áreas estratéxicas definidas no plan como é o fortalecemento dos recursos de atención integral, a Dirección Xeral, a través de distintos convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro, financia os gastos correntes do funcionamento dos dispositivos de atención a mulleres vítimas de explotación sexual e trata como son as residencias temporais de seguridade ou outros proxectos de atención social integral de axuda a estas mulleres, preferentemente inmigrantes.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por último, destacar o servizo de teletraducción a 51 idiomas posto a disposición das mulleres vítimas de trata e explotación sexual a través do cal a barreira dos idiomas non é unha limitación á hora de que as mulleres teñan acceso a toda a información e coñezan os recursos dispoñibles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/01/2025 9:54:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 09:54:18
Nº Rexistro: 18980
Data envío: 31/01/2025 09:54:18.065

CSV: BGJRBQ&P2JE-1WEPZLJEJ-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10229**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación do sector marisqueiro, os criterios, as contías e os prazos na concesión de axudas, así como a actitude do Goberno galego ante os acordos plenarios nesta materia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 5 de novembro de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 13236, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODk2Y2U0NmMtNzk3Zi00NGQ1LTlhMDctMWMYyYTM3MDU5ZjFi&start=9635.685>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/01/2025 9:58:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2025 09:58:41
Nº Rexistro: 18988
Data envío: 31/01/2025 09:58:41.223

CSV: BG9BQ\$PGH0V2KZ7UEY-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10259**, formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de don Armando Ojea Bouzo, sobre **"o orzamento dotado polo Goberno galego, o traballo realizado e o que está a levar a cabo contra a proliferación na provincia de Ourense de especies vexetais invasoras como as mimosas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A proposta de *"Plan estratéxico para a xestión das especies exóticas invasoras en Galicia"*, elaborada en 2012, desenvolveu un sistema de análise de riscos que constitúe a ferramenta técnica para a elaboración e priorización das propostas de actuacións de xestión sobre as especies exóticas invasoras xa introducidas na nosa comunidade.

De acordo coas prioridades establecidas, as actuacións están encamiñadas, por unha parte, á erradicación temperá de focos de invasións de especies animais e vexetais recentemente naturalizados e, por outra parte, con respecto ás especies exóticas invasoras amplamente naturalizadas, á contención local e a protección dos espazos prioritarios para a conservación de especies, principalmente en Rede Natura 2000.

A comunidade autónoma de Galicia conta cuns orzamentos anuais nos que se prevén as dotación económicas para facer fronte as diferentes actuacións en materia de conservación, entre elas, a loita contra as especies exóticas invasoras, de acordo coas liñas estratéxicos do mencionado Plan.

Non obstante, cómpre recordar que, a través das convocatorias de axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), as entidades locais poden recibir financiamento para, entre outras, actuacións de control e eliminación de especies exóticas invasoras ou restauración da vexetación característica do espazo e campañas de concienciación ambiental para a conservación da rede Natura 2000 e da biodiversidade.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático desenvolve desde hai anos campañas de divulgación sobre as ameazas que supoñen as especies exóticas invasoras sobre o patrimonio natural de Galicia".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 17:55:20
Nº Rexistro: 19217
Data envío: 03/02/2025 17:55:20.923

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0RBO-SR6W-703KZ4EYJ-4
Verificación: CFE-PRÉPAR: 1c0366d1-7a45-1143-e674-5b8a95fa4e24
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2025 17:55:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2025 17:55:20
Nº Rexistro: 19217
Data envío: 03/02/2025 17:55:20.923

CSV: BGJRBQ-SFAGw7UjK6Z4EYj-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10260**, formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de don Armando Ojea Bouzo, sobre **"o problema ambiental que supón a acumulación no medio urbano e natural das cabichas que deixan os fumadores e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia co fin de eliminalas, desenvolver a normativa e impulsar campañas de sensibilización cidadán"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

